

De estación en estación

O paso do tempo é algo moi desagradábel para min. Moitas veces teño que lembrarme que nin todo o bo dura para sempre nin que todo o malo estará aí eternamente.

Coa chegada do inverno, o meu ánimo decae por completo, teño que ter en mente que esta época é pasaxeira. A tristura que me contaxia non me afecta só a min, as miñas compañeiras Rosa e Marga tamén senten unha aversión enorme. Cando escoitamos falar del, sentimos medo, porque sabemos que está por chegar esa época de frío que cobre co seu manto branco, o monte, as leiras, os patios..., ata o sol se sente atemorizado coa súa presenza, ás veces déixase ver timidamente detrás dalgunha nube gris, outras prefire manterse oculto e a escuridade é a que manda.

O único que me fai vibrar de emoción e sentir viva durante eses longos tres meses de frío, choiva e penumbra é saber que a primavera acabará chegando. Noto cando ela está asexando porque o sol comeza a dominar o día gañándolle horas á noite. Sinto a súa calor na pel, os días parecen interminables e os sorrisos fanse habituais nas nosas faces. Sen dúbida, é a miña estación preferida.

Conto cada minuto para saír deste encerro, cada vez falta menos e non podo esperar máis, todos ao meu redor ansían o mesmo. Porque ao fin e ao cabo, esta ilusión é normal en nós, pois non somos nada sen a primavera. Iso é o que ten ser unha flor tan fermosa coma min.